

ASPECTOS XURÍDICOS DO ACORDO DE NOVA YORK DE 1995 SOBRE ESPECIES TRANZONAIIS E ALTAMENTE MIGRATORIAS

MARTA IGLESIAS BERLANGA
Universidade Pontificia de Comillas (ICADE)

Recibido: 19 de setembro de 2008

Aceptado: 14 de maio de 2009

Resumo: Ante a recente revisión do Acordo de Nova York do ano 1995 sobre especies tranzonais e altamente migratorias, o obxecto deste traballo é identificar, desde unha perspectiva xurídico-crítica, o actual grao de cumprimento estatal e institucional das súas disposicións, así como as orientacións emprendidas para solucionar as dificultades da aplicación práctica dalgunhas delas.

Palabras clave: Acordo de Nova York de 1995 / Especies tranzonais / Especies altamente migratorias / Leis e medidas nacionais / Organizacións rexionais de ordenación pesqueira / Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar de 1982.

1995 UNITED NATIONS FISH STOCKS AGREEMENT: SOME LEGAL ASPECTS

Abstract: This article reviews the extent to which the provisions of the 1995 United Nations Fish Stocks Agreement have been incorporated into national laws and regulations, as well as into the charters and/or measures of the RFMOs; the extent to which those provisions are actually being applied in practice and the extent to which States and RFMOs are taking action to remedy instances of failure to apply those provisions in practice.

Keywords: 1995 United Nations fish stocks agreement / Straddling fish stocks / Highly migratory fish stocks / National laws and regulations / Regional fisheries management organizations / 1982 United Nations Convention on the law of the sea.

1. INTRODUCCIÓN

Considerado polas Nacións Unidas como un dos tratados multilaterais máis importantes (despois da Convención do ano 1982) para a conservación e ordenación da pesca de altura, o *Acordo sobre a aplicación das disposicións da Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, de 10 de decembro de 1982, relativas á conservación e ordenación das poboacións de peixes tranzonais e das poboacións de peixes altamente migratorios* (en adiante UNFSA, segundo as súas siglas en inglés) foi recentemente revisado¹, catro anos despois da súa entrada en vigor²,

¹ A Conferencia de revisión do Acordo tivo lugar en Nova York os días 22 a 26 de maio de 2006.

² De acordo co artigo 36 do UNFSA, catro anos despois da entrada en vigor do Acordo, o secretario xeral das Nacións Unidas convocará unha conferencia para avaliar a idoneidade das súas disposicións e, en caso necesario, propondrá medidas para reforzar o contido e os métodos da súa posta en práctica co fin de encarar mellor os problemas persistentes na conservación e ordenación das poboacións de peixes tranzonais e das poboacións de peixes altamente migratorios. O Acordo entrou en vigor o 11 de decembro de 2001 logo do depósito do trixésimo instrumento de ratificación por parte de Malta, o 11 de novembro de 2001. Ata a data son setenta e cinco os Estados que manifestaron o seu consentimento en obrigarse por el, sendo as últimas incorporacións as de Letonia (5 de febreiro de 2007), Lituania (1 de marzo de 2007), República Checa (19 de marzo de 2007), Hungría (16 de maio de 2008), Mozambique (10 de decembro de 2008), Palau (26 de marzo de 2008), Panamá (16 de decembro de 2008), República de Corea (1 de febreiro de 2008) e Eslovaquia (6 de novembro de 2008).

co obxecto de examinar e de avaliar a idoneidade práctica das súas disposicións, dado o permanente estado sombrío da pesca mundial (FAO, 1994). Desde esta perspectiva, o obxecto deste traballo consiste en identificar: a) ata que punto as disposicións do UNFSA foron incorporadas nas lexislacións e regulamentacións nacionais, así como nos estatutos e/ou medidas das comisións de pesca; b) ata que punto esas disposicións se están aplicando efectivamente na práctica, e c) en que medida están actuando os Estados e as organizacións rexionais de ordenación pesqueira para solucionar os casos nos que esas pautas non teñen unha aplicación real (Nacións Unidas, 2006a, p. 1). Esbozado deste modo o corpo central do noso estudo, as últimas páxinas conclúen cunhas observacións críticas que pretenden esclarecer se o UNFSA está efectivamente contribuíndo a desenvolver as disposicións da parte VII da Convención do ano 1982 ou *lex prior*.

2. CONSERVACIÓN E ORDENACIÓN DAS POBOACIÓNS DE PEIXES

2.1. ADOPCIÓN DE MEDIDAS

O artigo 5 do UNFSA dispón que os Estados deben cooperar na adopción de medidas de conservación e xestión das poboacións de peixes transzonais e altamente migratorios, establecendo os principios xerais nos que deben basearse esas medidas. Son medidas escasamente orixinais, pois o seu fundamento descansa na propia Convención sobre o dereito do mar do ano 1982 (en adiante, CNUDM) e no concepto de “pesca responsable” recollido na Declaración de Cancún do ano 1992. A finalidade básica destes estándares mínimos de ordenación reside en: a) asegurar a supervivencia no longo prazo dos ditos *stocks* mediante a promoción do seu aproveitamento sostible³, b) garantir que as medidas adoptadas se fundamenten en datos científicos fidedignos, e c) fomentar o seguimento do principio de precaución nos termos do artigo 6 do Acordo.

Están respondendo os Estados e as organizacións rexionais de ordenación pesqueira ás expectativas da parte II do UNFSA? Con independencia de que a aplicación destas directrices só alcance de forma ocasional as zonas económicas exclusivas (ZEE)⁴, e de que o tratado regule de forma unitaria dous tipos de pesqueiras con escasa ou nula identidade biolóxica⁵, o balance da práctica estatal e das comi-

³ En teoría, as pesqueiras son sostibles en diversos niveis de abundancia de poboacións ícticas e de taxas de captura, pero estes indicadores non son equivalentes en termos de risco de colapso de reposición. Por este motivo, para que sexa de utilidade práctica na ordenación da pesca, o concepto de sostibilidade debe conxugarse coa idea de risco do recurso e, en consecuencia, de risco para as comunidades pesqueiras (Nacións Unidas, 1994, p. 13, parágrafo 48).

⁴ En virtude do apartado 1 do artigo 3 do UNFSA, tan só os artigos 6 e 7 do tratado “*tamén se aplicarán á conservación e ordenación das especies transzonais e altamente migratorias dentro das zonas sometidas a xurisdición nacional*”. A aplicación básica do texto circunscríbese, en definitiva, á alta mar.

⁵ O desenvolvemento vital das poboacións contempladas descoñece esas liñas imaxinarias que dividen uns espazos marítimos sometidos a réximes xurídicos dispares (Sánchez Rodríguez, 2000, p. 142).

sións de pesca pode considerarse positivo, dada –probablemente– a xeneralidade desas regras *soft law*⁶ (Juda, 1997, p. 151). A pluralidade de situacións xeográficas e a heteroxeneidade das pesqueiras contempladas permiten cuestionar, porén, se a súa cabal observación non é –ou pode ser– circunstancialmente problemática (Ghérari, 1996, p. 374).

Neste contexto, varios Estados e organizacións internacionais como Arabia Saudita, a Comunidade Europea (CE)⁷, Canadá, os Estados Unidos de América (EE.UU.), Marrocos e Noruega⁸ adoptaron leis e regulamentos para *previr ou eliminar a pesca excesiva e o exceso de capacidade*⁹, esixindo a recuperación das poboacións sobreexplotadas en zonas baixo xurisdición nacional e/ou reorientando o esforzo cara ás pesqueiras subexplotadas. Outros, como Kuwait e Marrocos, conxelarón os investimentos no sector pesqueiro prohibindo a concesión de novas licenzas, ou estableceron, como Canadá, a Comunidade Europea, os Estados Unidos de América, Noruega e Paquistán, requisitos máis estritos para a recompra de buques e permisos, programas de cotas exclusivas, etc. (Nacións Unidas, 2006b, pp. 39-40). Tendo en conta, polo tanto, a relación existente entre o exceso de capacidade e a pesca ilícita –non declarada e non regulamentada–, a maior parte das organizacións rexionais de ordenación pesqueira (CIAT, CAOI, CPANE, OPANO) están igualmente tratando de resolver o problema da capacidade de pesca nas súas respectivas zonas de regulamentación, ademais de ordenar as poboacións mediante un control do esforzo de captura. A CIAT, por exemplo, prohibiu rexistrar novos buques con redes de cerco a menos que se dea de baixa outro buque de igual ou de maior tonelaxe (Resolución C-02-03, revisada) e a CAOI optou *inter alia* por limitar as cantidades e a tonelaxe total de buques de máis de 24 m de eslora (Resolución 03/01).

A *sobreexplotación dos recursos pesqueiros, a pesca ilícita, non declarada e non regulamentada, a utilización de aparellos non selectivos e de prácticas e técnicas destrutivas* contribúen, por outro lado, a agravar os efectos da pesca sobre os

⁶ Sobre o *soft law* e o seu papel na modificación do dereito internacional, véxanse Chinkin (1989, pp. 850-866), Palmer (1992, pp. 259-283) ou Decaux (1983, pp. 81 e ss.).

⁷ Co fin de resolver a relativa efectividade dos programas de orientación plurianuais (POP) e de enfrontar, en consecuencia, o problema de sobrecapacidade da flota da UE, substituíuse o sistema anterior por un mecanismo máis sinxelo que descansa en dous piares fundamentais: por un lado, a atribución de maiores competencias aos Estados membros de cara a adecuar a capacidade pesqueira ás posibilidades de pesca e, por outro, a supresión progresiva das axudas públicas concedidas aos investidores privados para renovar ou modernizar os buques pesqueiros. Vid. o Regulamento (CE) n° 2369/2002 do Consello, de 20 de decembro de 2002, que modifica o Regulamento (CE) n° 2792/1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, DOCE L 358, de 31 de decembro de 2002.

⁸ Noruega combina os réximes de acceso e de cotas, de modo que os volumes de capturas totais permisibles se distribúen anualmente entre os buques que reúnan os requisitos establecidos, incluídas as cotas para buques particulares. Tamén estableceu un sistema de transferencia de cotas que permite unificar cotas mediante a eliminación de capacidade da pesqueira da que se trate (cando dúas cotas se unifican no marco dese sistema, o buque está autorizado a capturar cota “dobre” por espazo de trece anos se o buque “donante” é retirado das pesqueiras norueguesas e durante dezaioito anos se a embarcación é convertida en chatarra). Como consecuencia reduciuse notablemente o número de grandes pesqueiros, polo que o sistema se fará extensivo no sucesivo aos pequenos pesqueiros da frota costeira.

⁹ Vid. o apartado h) do artigo 5 do UNFSA.

ecosistemas. Por este motivo, no marco do artigo 5, apartados d) a g) e 6.3.d) do UNFSA, varios Estados e organizacións rexionais (CCRMVA, CIAT, CPANE, SEAFO, WCPFC, CCSBT, CICAA, CAOI, OPANO) incorporaron nas súas lexislacións de pesca nacionais e/ou nas súas respectivas convencións o “enfoque baseado nos ecosistemas”, isto é, un novo instrumento de ordenación dirixido a fomentar a sostibilidade dos recursos cuxo obxectivo non só consiste en regulamentar a pesca de determinadas especies, senón en velar por que a explotación non afecte negativamente a outras poboacións relacionadas ou dependentes da desexada. Desta forma, mentres que Nova Zelandia incorporou este concepto no proceso anual de adopción de decisións sobre os límites de captura e prácticas pesqueiras, a Comunidade Europea tamén o está aplicando, coa axuda do CIEM, no mar do Norte e no mar Báltico (Nacións Unidas, 2006b, p. 43).

As *capturas incidentais* e os *descartes* constitúen, sen dúbida, un importante problema ambiental. Por esta razón, numerosos Estados¹⁰ e comisións de pesca (CCRMVA, CIAT, CICAA, CAOI, OPANO e CPANE) adoptaron medidas para erradicar este problema. Entre elas, a prohibición de descartar as capturas incidentais de especies de peixes de importancia comercial, a limitación do tamaño das mallas, a prohibición de descargar peixes xuvenís, a limitación de aparellos, o establecemento de tamaños mínimos de captura e de tempadas e zonas de veda, etc. Nova Zelandia, por exemplo, impón sancións administrativas cando a cota anual de capturas incidentais supera os límites previstos conforme ao volume de capturas totais permisibles; e os Estados Unidos de América, ademais de definir xuridicamente o concepto de “captura incidental” (Lei de pesca sostible do ano 1996), elaboraron un plan de acción nacional –o denominado *Managing the Nation’s By-Catch: Priorities, Programs and Actions for the National Marine Fisheries Service*– sobre a base da información procedente de varios seminarios destinados a que a industria e o público comprendan mellor as cuestións relativas a estas capturas (Nacións Unidas, 2006b, pp. 44-45).

Polo que respecta aos *refugallos mariños e a outras fontes de contaminación e desperdicio*, as accións emprendidas polos Estados Unidos de América ou pola Comunidade Europea constitúen unha boa mostra de como se pode mitigar –se non resolver– un problema directamente relacionado coa conservación das especies. Deste modo, así como os EE.UU. crearon un comité interinstitucional de coordinación sobre os refugallos mariños e varios organismos federais e grupos do sector privado están retirando aparellos abandonados nos arrecifes de coral e nas praias das illas noroccidentais de Hawai, nos estreitos do noroeste e no golfo de México¹¹, a CE está financiando as iniciativas dos operadores encamiñadas a recuperar os

¹⁰ Así, Arabia Saudita, Belice, a Comunidade Europea, Croacia, os Estados Unidos de América, Filipinas, Marrocos, Myanmar, Noruega, Nova Zelandia, Paquistán, Portugal, Qatar, Reino Unido, Serbia e Montenegro.

¹¹ Tales entidades localizan os aparellos abandonados mediante un método de “táboa de remolque” (unha táboa tirada por unha persoa detrás dunha embarcación) referenciándoos a través do sistema mundial de determinación de posición.

aparells perdidos á vez que prohíbe botar ao mar calquera substancia ou obxecto que repercuta negativamente na reprodución, fomento, supervivencia ou explotación dos recursos mariños vivos¹². Sexa como fose, o importante é que cada vez haxa máis Estados vinculados aos instrumentos internacionais relativos á contaminación mariña¹³, incluído o Convenio MARPOL 73/78 (en particular, o anexo V)¹⁴.

Polo que respecta á *reunión de datos e programas de investigación sobre ecosistemas mariños*, non é preciso dicir que a observación científica dos océanos constitúe a pedra angular da conservación e ordenación dos recursos. Tanto as investigacións como os estudos científicos son os elementos que permiten ampliar a base de coñecementos sobre unha poboación determinada ou sobre varias especies e identificar a relación entre as pesqueiras e os ecosistemas máis amplos. Desde esta perspectiva, ademais de traballar na comprensión das fronteiras, na estrutura e na dinámica dos ecosistemas mariños, a CE está estudando a posibilidade de establecer “centros de excelencia” que permitan mellorar tanto a formación do persoal científico como as infraestruturas (Programa Marco de Investigación 2007-2011). Canadá, Croacia, EE.UU., Marrocos, Myanmar, Noruega ou Reino Unido tamén están adoptando medidas neste sentido, sendo relevante a reorganización norueguesa do Instituto de Investigación Mariña a fin de que funcione sobre a base de tres programas de ecosistemas que abarcan o mar de Barents, o mar de Noruega e o mar do Norte¹⁵.

Finalmente, con respecto á *reunión e intercambio de datos das pesqueiras* [apartado j) do artigo 5 do UNFSA], a información proporcionada polos Estados non foi relevante –por infortunio– á hora de avaliar a aplicación dos artigos 5 e 14 e do anexo I do Acordo. O coñecemento limitado da bioloxía e do estado de explotación das especies altamente migratorias (a excepción daquelas que, como o atún e o peixe espada, producen grandes capturas) e da maioría dos tipos de quenllas incluídas no anexo I do Acordo supón, polo tanto, una materia pendente que non deixa de dificultar a correcta xestión da pesca tanto a nivel estatal coma institucional (Nacións Unidas, 2006b, p. 75). Precisamente neste contexto algunhas comisións como a CCSBT, a CIAT, a OPANO ou a CPANE subscribiron acordos de colaboración co sistema de vixilancia dos recursos acuáticos cuxa información, divulgada polo FIGIS¹⁶, non só pretende aumentar a conciencia sobre as cuestións normativas relacionadas coas pesqueiras e co seu medio, senón promover normas e mellorar as prácticas en materia de actividades pesqueiras e noutras cuestións co-

¹² Entre as comisións de pesca, esta iniciativa é actualmente seguida pola CIAT.

¹³ Por exemplo, o Convenio de Barcelona para a protección do mar Mediterráneo contra a contaminación, o Convenio de Helsinqui sobre a protección do medio mariño da zona do mar Báltico ou o Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico nordeste.

¹⁴ Entre as medidas adoptadas pola CCRMVA figura, precisamente, a promoción do Convenio MARPOL 73/78 (anexo V).

¹⁵ Entre as organizacións rexionais de ordenación pesqueira que destacan neste campo debemos mencionar a CCRMVA e o CIEM (Nacións Unidas, 2006b, p. 48).

¹⁶ O FIGIS é un instrumento de información e ordenación baseado na web administrada pola FAO.

nexas. Máis aínda, co fin de fortalecer o intercambio electrónico de información entre as organizacións rexionais de ordenación pesqueira, a CPANE e a OPANO crearon o *formato do Atlántico Norte*¹⁷, un instrumento actualmente utilizado pola CCRMVA e pola SEAFO que, probablemente, será emendado polo Grupo Coordinador de Traballo da FAO sobre estatística de pesca co obxecto de garantir a súa utilidade nos campos científico e de avaliación (Nacións Unidas, 2006b, p. 52, párrafo 214).

2.2. CRITERIO DE PRECAUCIÓN

Aínda que sen definilo, o Acordo do ano 1995 esixe unha aplicación ampla do criterio de precaución á conservación, ordenación e explotación das poboacións de peixes transzonais e altamente migratorios a fin de protexer os recursos vivos e de preservar o medio mariño (artigo 6.1 do UNFSA). Tratándose dun concepto en desenvolvemento, cuxa evolución dependerá das experiencias e ensinanzas que os científicos e administradores extraian da súa aplicación á ordenación práctica das pesqueiras, este principio inverte a relación ciencia-política, dado que os Estados non deben condicionar a fixación de normas preventivas ou resolutorias á obtención dunha información científica concluínte sobre o estado das poboacións ou sobre o nivel de degradación ambiental (Hey, 1991, p. 44)¹⁸. Aínda que o Acordo lles facilita aos Estados as pautas xerais e específicas¹⁹ que xustifican unha aplicación efectiva do criterio de precaución, o certo é que o UNFSA non determina como deben establecerse os niveis limiares das dimensións das poboacións de desove e as taxas de diminución (mortalidade dos peixes), un aspecto crítico e fundamental para o mantemento das especies nos niveis desexados ou por riba destes (Nacións Unidas, 2006b, p. 35). Chegados a este punto, as respostas estatais e institucionais con respecto á consideración deste principio nas súas respectivas normas internas tamén carecen, ata a data, dunha explicación convincente.

2.3. PRINCIPIO DE COMPATIBILIDADE

A regulación das actividades de pesca dentro e fóra do límite das 200 millas responde a un réxime xurídico dispar. Así, mentres que na zona económica exclu-

¹⁷ Para máis información consúltese <http://www.CPANE.org/measures/docs/Scheme-2005>.

¹⁸ Un sector da doutrina formulou a hipótese de que o criterio de precaución sexa considerado como unha norma internacional de carácter consuetudinario que vincule formalmente a todas as nacións. David Fresstone (1991, pp. 21 e 36) sinala, por exemplo, que *“the speed with the precautionary has been brought on to the international agenda, and the range and variety of international forums which have explicitly accepted it within the recent past, are quite staggering (...). The significance of repeated public acceptance and endorsement of principles by government representatives should not be underrated, particularly if, as is increasingly the case, this is supported by binding measures explicitly implementing the principle”*. Por outro lado, hai quen estiman que a imposibilidade de atopar exemplos prácticos que rexeiten a aplicación deste criterio ou que aludan á incerteza científica para lexitimar a súa actuación, significa recoñecer a súa vocación e aceptación universal (Van Dyke, 1996, p. 409).

¹⁹ Para unha información máis detallada sobre os niveis de referencia, véxase FAO (1993).

siva (ZEE) rexen as normas de conservación e xestión ditadas polo Estado ribeirán en virtude da súa xurisdición, en mar aberto (incluídas as augas adxacentes á ZEE) impera o dereito internacional xeral (Convención do ano 1982, tratados sobre o dereito do mar) ou particular (normas e TAC adoptados no seo das organizacións rexionais, medidas unilaterais impostas polos Estados aos buques do seu pavillón, etc.) (Domínguez Díaz, 1994, p. 45). Tendo en conta que as características biolóxicas dalgunhas especies (sobre todo das poboacións de peixes transzonais) demandan a convivencia e a aplicación de ambos os dous ordenamentos xurídicos, o artigo 7 do UNFSA solícitalles aos Estados costeiros e aos países que pescan en mar aberto a adopción de medidas compatibles de conservación destes recursos. O problema deste precepto radica en que fai demasiado fincapé nas medidas acordadas polos Estados ribeiráns, dando a impresión –ou deixando claro– de que o Acordo está estruturado para servir máis aos intereses dos países costeiros²⁰ que aos dos Estados de pesca a distancia. Así o demostra, por exemplo, o feito de que esta disposición exclúa da revisión xurisdiccional as medidas adoptadas polo Estado ribeirán na súa ZEE (Casado Raigón, 1995, p. 125), dando por sentado non só que ao ser unha competencia soberana está exenta de control, senón que esas pautas sempre favorecerán a diversidade biolóxica, pois ninguén mellor que o “propietario” pode coidar da “propiedade”²¹. En definitiva, o artigo 7 do UNFSA ten unha aplicación teórica –e non práctica– nas zonas sometidas a xurisdición nacional.

3. MECANISMOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL NO MARCO DO ACORDO DO ANO 1995

Co fin de garantir a conservación no longo prazo e o uso sostible das especies renovables, o UNFSA (parte III) privilexia a cooperación dos Estados a través das organizacións internacionais de pesca existentes ou mediante a creación de novos organismos de ordenación. Neste sentido, aínda que a confianza nunha nova xeración de comisións de pesca –reforzadas funcional e estruturalmente– constitúe un pilar fundamental para moderar ou estabilizar as últimas tendencias ribeirás con respecto a calquera desenvolvementos arbitrarios da Convención do ano 1982, o certo é que o Acordo do ano 1995 contén varias disposicións *contra legem*²² que merecen unha atención particular.

²⁰ Incluídas, polo tanto, as interpretacións ficticias e extremas das disposicións pertinentes da Convención do ano 1982 (en particular, os artigos 116 e 63.2).

²¹ Esta afirmación repítese igualmente con respecto ás áreas de alta mar totalmente rodeadas dunha zona que se atopa baixo a xurisdición nacional dun só Estado (por exemplo, o “Peanut Hole”, enclave de alta mar situado na parte central do mar de Bering). Segundo reza o artigo 16 do Acordo, as medidas convidadas respecto da alta mar deben respectar os dereitos, obrigas e intereses dos países costeiros, así como as medidas de conservación e ordenación adoptadas e aplicadas nas ZEE (Oude Efferink, 1995, p. 3; Canfield, 1993, pp. 257-289).

²² Expresión utilizada por Yturriaga Barberán (1997, p. 50) para poñer de manifesto a desconformidade existente entre determinadas disposicións do Acordo e a Convención do ano 1982.

3.1. A COOPERACIÓN NO MARCO DAS ORGANIZACIÓNS DE PESCA EXISTENTES

Polo que respecta á cuestión de como facer efectiva a obriga de cooperar no marco dos organismos de pesca existentes, o UNFSA require aos Estados a facerse membros da organización, participando no acordo ou comprometéndose a respectar e a cumprir as medidas convidadas no seu seo (artigo 8.3) pois só os Estados que satisfagan a esixencia anterior *terán acceso aos recursos de pesca* (artigo 8.4). Tratándose dunha disposición que *fai cambalear principios fundamentais do dereito dos tratados e das liberdades en mar aberto atendendo á satisfacción dun designio superior que impón a cooperación* (Remiro Brotons *et al.*, 1997, p. 709), este artigo é contrario ao principio xeral de dereito internacional *pacta tertiis nec nocent nec prosunt* codificado no artigo 34 do Convenio de Viena sobre dereito dos tratados do ano 1969, conforme ao que *“un tratado non crea obrigas nin dereitos para un terceiro Estado sen o seu consentimento”*. Tendo en conta que o artigo 8 do UNFSA (especialmente os parágrafos 3 e 4) non constitúe unha norma consuetudinaria de dereito internacional recoñecida como tal, pois *“elle ne comporte pas les développements imprimés par l’Accord à cette obligation”* (Ghérari, 1996, p. 379), é inviable que poida vincular a todos os Estados (non partes ou non membros da comisión ou acordo). Afirmar o contrario supón confundir *factibilidade* con *facilidade* ou descoñecer a complexidade do mecanismo de formación dun costume modificativo ou abrogatorio do dereito en vigor (Remiro Brotons *et al.*, 1997, p. 342). Máis aínda, como ningún Estado pode ser obrigado a pertencer a unha organización internacional e, polo tanto, é posible que o país desinteresado eluda o cumprimento das medidas de conservación do organismo pesqueiro mediante a decisión de autoexcluirse del, o UNFSA recorre nun ton inxustificable e “case” imperativo ao principio de efectividade para que os Estados partes insten a aqueles que non o son a respectar e asumir as súas disposicións (artigos 33 e 17.4)²³. En acertadas palabras de Balton (1996, p. 140): *“ultimately, in a world of sovereign States, each nation has the right to determine for itself whether to become party to the Agreement. Like other treaties, the Agreement cannot compel States to adhere to it. Unlike most other treaties, however, the Agreement elaborates in a framework of obligations built by the 1982 Convention that are generally accepted as reflecting customary international law. In time, perhaps soon, the provisions of the Agreement may themselves achieve the same status”*. As organizacións internacionais de pesqueiras, nadas da vontade soberana dos Estados para enfrontar de modo permanente e institucionalizado os problemas que suscita a coexistencia e a cooperación

²³ Neste sentido, varias organizacións rexionais de ordenación pesqueira dirixíronse a Estados non partes que traballan nas súas zonas de regulamentación para que se adhiran ás súas respectivas convencións ou cooperen con elas na conservación e ordenación dos recursos vivos (OPANO, artigo XIX do Convenio). Outras, como a SEAFO e a WCPFC, incluíron nas súas convencións (artigos 22 e 32, respectivamente) disposicións relativas a “partes non contratantes” ou “non membros cooperantes”; condición que lles permite gozar dos beneficios das pesqueiras de maneira commensurable co seu compromiso de cumprir as medidas de conservación e ordenación das poboacións de peixes pertinentes.

esixida pola crecente interdependencia, proporcionan un marco multilateral que favorece as actuacións colectivas e unha dinámica de negociación e acordo. Esta afirmación non significa, porén, que actúen como centros de poder superiores a eles. A adquisición do estatus de membro depende, en todo caso, do perfeccionamento do consentimento en obrigarse polo tratado constitutivo da organización, circunstancia que podería producirse, aínda que de forma voluntaria, no suposto de que co tempo a evolución expansiva das competencias e intereses comúns chegase a provocar a marxinación dos países despreocupados en implicarse no sistema (Remiro Brotons *et al.*, 1997, pp. 139, 142, 143 e 152). Por outro lado, aínda que o UNFSA potencia a universalidade das comisións de pesca, tan só os Estados que teñan un interese real nas pesqueiras poden adquirir a condición de membros ou participantes (artigo 8.3). Se temos en conta que o Acordo non precisa a forma de satisfacer esta esixencia e que, a teor do artigo 11, correspóndelles aos países membros determinar a natureza e o alcance dos dereitos de participación dos novos, podemos concluír que a apertura dos organismos de ordenación depende amplamente da discrecionalidade dos Estados tradicionais. A calidade de membro ou participante non confire, en efecto, un dereito de acceso proporcional e automático aos *stocks*. Segundo o artigo anterior, os “socios orixinarios” son quen deben avaliar, en función dunha pluralidade de factores²⁴, a propiedade e a magnitude das obrigas inherentes a esa condición. A cantidade de datos estimables, así como a abstracta formulación e a difícil cuantificación dalgúns deles, poñen de relevo a extensa marxe de arbitrariedade dos países que xa forman parte dunha organización ou acordo pesqueiro. Se o UNFSA supedita a pesca máis alá das 200 millas ao cumprimento de certas condicións, aplicando en mar aberto un concepto de acceso ata agora reservado ao mar territorial e, máis recentemente, á ZEE, é obvio que supera o contido da CNUDM (artigo 116) cuestionando inclusive o concepto de liberdade (Vignes, 1996, p. 93). O apartado 4 do artigo 8 do UNFSA só sería plenamente consecuente co principio de pesca en mar aberto (CNUDM) se se eliminase o carácter cerrado ou semicerrado de certos organismos, así como as estritas condicións esixidas para a admisión de novos membros e a participación nas comisións resultase obrigatoria (Casado Raigón, 1995, p. 126).

3.2. A COOPERACIÓN NA CREACIÓN DE NOVOS ORGANISMOS DE ORDENACIÓN

O UNFSA propón que, alí onde non exista ningunha organización ou acordo subrexional ou rexional de ordenación pesqueira competente, os Estados ribeiráns e os que pescan en mar aberto deben cooperar para establecer un organismo desafiante²⁵ ou concertar outros acordos apropiados para velar pola conservación e administración das poboacións de peixes transzonais e altamente migratorios, así como

²⁴ Vid. os apartados a), b), c), d) e e) do artigo 11 do UNFSA.

²⁵ Vid. o artigo 9, apartados a), b), c) e d) do UNFSA.

participar nos seus traballos (artigo 8.5). Esta meritoria achega do Acordo non constitúe, porén, un principio deducible do dereito en vigor. Se así se inferise da Convención do ano 1982 “*il vaudrait pour tous les Etats qui pratiquent la pêche dans la zone de mer dont il s’agit*” (Treves, 1992, pp. 890-891) e todas as rexións estarían potencialmente cubertas ou regulamentadas polas institucións canalizadas da acción conxunta estatal. A cooperación, sobre todo no seu estadio inicial, implica dar comezo ás negociacións. Así o confirmou a Corte Internacional de Xustiza (CIX) no asunto da plataforma continental do mar do Norte do ano 1969²⁶ ou, máis recentemente, o Tribunal arbitral (constituído conforme ao anexo VII da CNUDM) na decisión sobre a controversia *Southern Bluefin Tuna*, de 4 de agosto de 2000²⁷. A dita obriga, mesmo na creación de organismos de ordenación, constitúe un deber de comportamento pero non de resultado. O resultado nunca está asegurado, xa sexa porque algunha das partes non actúe de boa fe ou porque o fin perseguido sexa considerado inxusto por algunha delas. A creación de comisións de pesca só é, ao noso xuízo, froito dunha modalidade de cooperación interestatal que en ningún caso exclúe a celebración de acordos bilaterais ou multilaterais sobre estes temas (Nacións Unidas, 1993, p. 12, parágrafo 18). Chegados a este punto, varios países están participando na actualidade en procesos de xestión de novas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou en acordos apropiados para a conservación e ordenación das poboacións de peixes transzonais e altamente migratorios. Así, no mes de xullo do ano 2006, Comores, Francia, Kenya, Mozambique, Nova Zelandia, as Seicheles e a Comunidade Europea asinaron un acordo multilateral sobre pesqueiras no océano Índico meridional. O Acordo de pesca do océano Índico austral (SIOFA) ordenará a maior parte das zonas de mar aberto ao norte da área da CCRMVA no océano Índico, entre as ZEE dos Estados da África oriental e a ZEE de Australia²⁸. Ademais, dado que existe unha lagoa na conservación e ordenación internacionais das poboacións de peixes que non son altamente migratorios nas zonas de mar aberto do océano Pacífico do sur (desde a zona máis oriental do océano Índico meridional ata o Pacífico, pasando polas ZEE dos Estados de Sudamérica), a mediados do mes de febreiro do ano 2006 tivo lugar en Nova Zelandia unha primeira reunión intergubernamental co obxecto de establecer unha nova comisión de pesca –a Organización Rexional de Ordenación Pesqueira do Pacífico Sur– encargada de ordenar as poboacións de peixes que non estean reguladas por outros organismos da zona –WCPFC e CIAT–, de conformidade coa

²⁶ Nesta ocasión, a CIX (1969, p. 47) afirmou: “*a les parties sont tenues d’engager une négociation en vue de réaliser un accord et non pas simplement de procéder à une négociation formelle comme une sorte de condition préalable à l’application automatique d’une certaine méthode de délimitation faute d’accord; les parties ont l’obligation de se comporter de telle manière que la négociation aie un sens, ce qui n’est pas le cas lorsque l’une d’elles insiste sur sa propre position sans envisager aucune modification*”.

²⁷ O dito Tribunal sinalou que “*as obrigas do artigo 283 da CNUDM quedarán satisfeitas se as negociacións son prolongadas, intensas e serias*”. Non se lles pode pedir ás partes “*unha negociación ad infinitum*” [Orde de 27 de agosto de 1999 no caso *Southern Bluefin Tuna* (Australia e Nova Zelandia c. Xapón)].

²⁸ Vid. <http://www.fao.org/newsroom/es/news/2006/1000360/index.html>

CNUDM e co UNFSA. En previsión de que o proceso dure uns tres ou catro anos, a segunda reunión tivo lugar en Hobart (Australia) no mes de novembro do ano 2006, e a terceira tivo lugar en Chile a principios do ano 2007 (Nacións Unidas, 2006b, pp. 61-62)²⁹.

4. COOPERACIÓN INTERNACIONAL CON FINS DE EXECUCIÓN

4.1. OBRIGAS DO ESTADO DO PAVILLÓN NO MARCO DO UNFSA

Mediante unha descrición detallada dos deberes inherentes ao Estado do pavillón, o UNFSA enriquece notablemente a lista de obrigas que figuran nos artigos 91 e 94 da CNUDM e no artigo III do Acordo da FAO de 24 de novembro de 1993. Con carácter xeral, o artigo 18 do UNFSA establece que os Estados cuxos buques pesquen en mar aberto deben adoptar todas as medidas que sexan necesarias para garantir que as naves do seu pavillón cumpran as medidas subrexionais e rexionais de conservación e ordenación. Desta maneira, o Estado de bandeira só permitirá que os seus pesqueiros traballen en mar aberto cando “*poida asumir eficazmente as súas responsabilidades con respecto a eses buques en virtude da CNUDM e do presente Acordo*” (artigo 18.2). Aínda que compartimos a intención destes criterios, isto é, a harmonización das normas acordadas e a súa correcta aplicación, é necesario advertir que o tratado presume, por un lado, a eficacia *erga omnes* das medidas sinaladas (eficacia ou presunción que, porén, só será plausible para os Estados partes no UNFSA e/ou nun marco de organismos de xestión abertos e alleos, en todo caso, aos intereses dun determinado grupo de países, sexan ribeiráns ou non) sobrevalorando, así mesmo, o seu rango ao impoñer o cumprimento das súas disposicións e as decisións das comisións de pesca a todos os Estados (incluídos aqueles que non son parte do UNFSA ou que non son membros das organizacións e acordos de ordenación pesqueira). Nestes termos, a lectura dos parágrafos 1 e 2 do artigo 18 do Acordo contradí abertamente o dito principio de relatividade dos tratados consagrado no Convenio de Viena do ano 1969 (Yturriaga Barberán, 1995, p. 50).

Con respecto ao grao de cumprimento estatal dos deberes particulares especificados no apartado 3 do artigo 18 do UNFSA (expedición de licenzas ou permisos de pesca, establecemento dun rexistro nacional de buques autorizados para traballar en mar aberto, adopción de regras para a marca de embarcacións e aparellos, verificación da captura de especies obxecto de explotación e das capturas accidentais, supervisión dos transbordos en mar aberto, etc.), numerosos países xa incorporaron nos seus respectivos dereitos internos o contido do dito precepto (Belice, Canadá, Chipre, a CE, EE.UU., Kuwait, Marrocos, Mauricio, México, Noruega, Nova Zelandia, Paquistán, Portugal, Reino Unido, República de Corea ou Uruguai), ad-

²⁹ Dispoñible en <http://www.southpacificrfmo.org>

heríndose moitos outros á rede internacional de supervisión, control e vixilancia, un acordo mundial e oficioso entre institucións nacionais destinado a mellorar a eficiencia e a eficacia das ditas actividades mediante unha maior cooperación, coordinación, reunión e intercambio de información. Este sistema³⁰, froito da aplicación do apartado g) do artigo 18.3 do UNFSA, constitúe unha destacada achega do Acordo con respecto á CNUDM, instrumento no que non se contemplan medidas similares. Ademais, aínda que o UNFSA menciona, pero non aborda, o problema dos pavillóns de compracencia (apartado 5 do seu preámbulo), paga a pena destacar que países como España están imponéndolles multas aos nacionais que traballen en buques de conveniencia (Real decreto 1134/2002) (Nacións Unidas, 2006b, pp. 66-67).

4.2. FACULTADES EXECUTIVAS DO ESTADO RIBEIRÁN: O ESTADO INSPECTOR E O ESTADO DO PORTO

Como xa comentamos, o UNFSA recolle e fortalece a responsabilidade primaria do Estado de bandeira no cumprimento das medidas de conservación e ordenación, recoñecéndolle igualmente facultades executivas ao Estado ribeirán, xa sexa na súa calidade de Estado inspector ou de Estado do porto. Polo que respecta ás facultades de inspección³¹, o tratado dispón que antes de iniciar medida ningunha os *Estados inspectores* deben comunicarles aos países cuxos buques pesquen en mar aberto o tipo de identificación expedida aos seus oficiais e á autoridade competente para recibir as notificacións oportunas (artigo 21.4). Se, logo de rexistrar o buque e a súa licenza, aparellos, equipo, instalacións ou capturas a bordo, houberse motivos fundados para crer que o buque infrinxiu as medidas de conservación e ordenación, o Estado inspector debe reunir as probas e notificar sen demora a suposta infracción ao Estado do pavillón (artigo 21.5). Unha vez informado, o Estado de bandeira (non consta se debe ser parte no UNFSA) ten dúas opcións: a) responder á notificación dentro dos tres días hábiles posteriores á data en que a reciba, ou b) autorizar ao Estado inspector a realizar unha investigación (artigo 21.6). Neste último caso, se o resultado da inspección avala as sospeitas de infracción, o Estado de bandeira pode: a) acordar por si mesmo medidas de execución contra o buque, ou b) permitir ao Estado inspector a adopción das medidas coactivas por el especificadas (artigo 21.7). Pero, que sucede se o Estado de bandeira non responde no prazo de tres días, se nega a facerse cargo do buque ou a delegar semellante función no Estado inspector? Tal e como se desprende do artigo 21.8 do UNFSA, se o Estado do pavillón non responde á notificación do Estado inspector, mediando un incumprimento grave, os inspectores poden permanecer a bordo para reunir probas e esixirlle ao capi-

³⁰ A maior parte das comisións de pesca introduciron –ou están introducindo– sistemas obrigatorios de seguimento dos buques que operan nas súas zonas de regulamentación. Así sucede coa CPANE, coa OPANO, coa CIAT, coa CCRMVA ou coa SEAFO.

³¹ Vid. o artigo 22 do UNFSA.

tán que dirixa o buque ao peirao máis próximo. Manifestamente contraria ao dereito en vigor, esta disposición impugna a regra xeral que opera en mar aberto, ao permitir que o Estado inspector adopte medidas de execución contra un buque sospeitoso de infracción grave³² sen o consentimento do Estado do pavillón. A escasa marxe de reacción concedida ao Estado de bandeira –3 días hábiles– permite, en efecto, cuestionar a súa facilidade á hora de cumprir as obrigas do artigo 19 (por exemplo, a oportunidade de incoar un procedemento para impoñer sancións de acordo coa súa lexislación). Deste modo, o UNFSA incumpre a CNUDM, xa que “*agás en casos excepcionais previstos nos tratados internacionais ou neste instrumento*”, os buques “*están sometidos, en mar aberto, á xurisdición exclusiva*” do Estado da súa bandeira (artigo 92.1 da CNUDM). Ademais, o UNFSA non precisa cales son as medidas que poden adoptar os Estados distintos ao do pavillón, limitándose a sinalar que serán proporcionais á gravidade da infracción (artigo 21.16). Abonda con lembrar, neste sentido, que a imposición de multas non está prevista, expresa ou implicitamente, noutras disposicións do Acordo (Casado Raigón, 1995, p. 131). Pero o apartado máis conflitivo do UNFSA é, sen dúbida, o parágrafo f) do artigo 22.1, artigo director das medidas de intervención máis alá das 200 millas, que autoriza aos inspectores o uso da forza no efectivo cumprimento das súas funcións. Ao noso modo de ver, a conservación e ordenación das poboacións de peixes transzonais e altamente migratorios, obxectivo declarado do Acordo, non goza na actualidade da entidade xurídica suficiente como para ser considerado como un interese fundamental da comunidade internacional cuxa violación grave poña en perigo a paz e a seguridade internacionais, lexitimando o recurso á forza como mecanismo de resposta. Neste sentido, a incompatibilidade do artigo 22.1.f) do UNFSA coa CNUDM, cos principios xerais do dereito internacional e coas normas convencionais e consuetudinarias pode ser causa de nulidade do tratado, dada a lexitimación do recurso á forza como violación dunha norma de *ius cogens* (artigo 53 do Convenio de Viena sobre dereito dos tratados do ano 1969) (López Martín, 2002, p. 226).

Polo que respecta ao *Estado do porto*, o UNFSA estende as súas facultades –máis alá das relativas á protección do medio mariño e a contaminación debida aos buques³³– á pesca en mar aberto, espazo sobre o que ningún país pode reivindicar soberanía. Conforme ao artigo 23, o Estado do porto pode e debe, en efecto, garantir que os buques de pesca estranxeiros que se atopen voluntariamente nos seus portos³⁴ respecten as medidas de conservación e xestión convidadas, mediante a apli-

³² A infracción grave á que alude o UNFSA como causa de execución non pode situarse en ningunha das excepcións á xurisdición do pavillón previstas na CNUDM.

³³ Vid. os artigos 218 e 226 da CNUDM.

³⁴ A condición que subxace á facultade executiva do Estado do porto concrétese, por lo tanto, na presenza voluntaria dos buques pesqueiros nos seus peiraos ou nas súas terminais fronte á costa. Unha limitación que constitúe, porén, un requisito habitual e non restritivo, xa que eses buques traballan a grandes distancias dos seus portos de orixe precisando, de ordinario, efectuar varias escalas (Momtaz, 1995, p. 691).

cación de directrices non discriminatorias e conformes co dereito internacional (artigo 23.1). Tendo en conta, porén, que o UNFSA non concreta o contido desas medidas e que a referencia xenérica ao ordenamento internacional non resulta moi esclarecedora, este precepto constitúe unha idea de cooperación que prexulga ou que mingua a liberdade de pesca en mar aberto (artigo 116 da CNUDM) así como o dereito dos Estados a non pertencer a unha organización internacional. Trátase, polo tanto, dun asalto á lei do pavillón que só satisfai os intereses dos Estados costeiros, podendo alcanzar un posterior e maior desenvolvemento no marco subrexional e rexional. Así o demostran, por exemplo, os preceptos do UNFSA relativos á cooperación neste ámbito e algúns dispositivos acordados por determinadas organizacións rexionais de pesca (*inter alia*, aqueles que lles prohiben aos Estados non membros dunha comisión descargar a pesca obtida en contravención da regulamentación aplicable).

5. OBSERVACIÓNS FINAIS

Nada co obxecto de desenvolver e aplicar o réxime de pesca en mar aberto codificado na Convención do ano 1982, a análise xurídica do UNFSA merece una consideración desigual. Eloxiable pola súa causa e polas disposicións que completan ou, cando menos, non contradín a letra e o espírito da *lex prior*, o Acordo presenta importantes incompatibilidades co texto de Xamaica e con algúns principios xerais do dereito dos tratados que demostran a inspiración particularista dun convenio³⁵ cuxa *ratio* non descansa na preservación biolóxica das zonas comúns, senón na idea de primar a competencia sobre a cooperación institucionalizada. Desta maneira, así como o exame da práctica estatal e das organizacións internacionais de ordenación pesqueira demostra que tanto os uns coma as outras están respondendo, a teor do seu carácter *soft law*, ás expectativas da parte II do UNFSA, a existencia doutras disposicións de imposible convivencia coa CNUDM [v.g. o controvertido principio de compatibilidade (artigo 7), a extensión do ámbito de aplicación do Acordo (artigos 8.4, 17.2, 18.1 e 2, 21.3 e 22), a concesión de competencias executivas a Estados distintos ao do pavillón (artigo 21.8) ou a autorización do uso da forza (artigo 22.1.f)] non só explica que a conferencia de revisión non examinou con rigor estas cuestións, senón que xustifica a dificultade *legal* do Acordo para alcanzar unha participación universal. Considerando, por outra parte, a complexidade do mecanismo de formación dun costume modificativo e abrogatorio do dereito consuetudinario en vigor a partir dun tratado multilateral, podemos afirmar que o UNFSA constitúe un texto separado da CNUDM, aplicable unicamente entre as partes del, cuxas disposicións (especialmente as denominadas *contra legem*) non teñen unha extensión automática aos Estados vinculados polo dereito vixente. A

³⁵ Proba diso é que o UNFSA non permite formular reservas.

garantía da liberdade de pesca en mar aberto, o dereito de navegación dos buques pesqueiros máis alá das 200 millas e o principio de xurisdición exclusiva do Estado do pavillón sobre os seus buques continúan sendo (ata a data) a regra xeral e non a excepción. Finalmente, polo que respecta ás organizacións internacionais de ordeñación pesqueira, temos que lamentar que a Conferencia de revisión obviase –ou, se cadra, aprazase?– a análise de certos aspectos capitais para o seu fortalecemento e mellor eficacia, entre eles, a asignación de cotas de captura (en particular, a maneira de distribuír eses dereitos entre as partes ou os criterios que se deben utilizar para determinar as posibilidades de participación), os atrancos financeiros, as resolucións en materia de ordenación (incluídos os mecanismos de adopción de decisións) ou a capacidade sancionadora destas entidades de cooperación.

BIBLIOGRAFÍA

- BALTON, D. (1996): “Strengthening the Law of the Sea: The New Agreement on Straddling Fish Stocks and Highly Migratory Fish Stocks”, *ODIL*, vol. 27, pp. 125-151.
- CANFIELD, J.L. (1993): “Recent Developments in Bering Sea Fisheries Conservation and Management”, *ODIL*, vol. 24, pp. 257-289.
- CASADO RAIGÓN, R. (1995): “El derecho de pesca en alta mar y sus últimos desarrollos”, *Cursos de Derecho Internacional de Vitoria-Gasteiz*, pp. 97-135.
- CHINKIN, C.M. (1989): “The Challenge of Soft-Law: Development and Change in International Law”, *ICLQ*, vol. 38, pp. 850-866.
- DECAUX, E. (1983): “La forme et la force obligatoire des codes de bonne conduite”, *AFDI*, pp. 81 e ss.
- DOMÍNGUEZ DÍAZ, C. (1994): “Reflexiones ante las próximas sesiones de la Conferencia de las Naciones Unidas. Aspectos jurídicos de la Conferencia de las Naciones Unidas sobre las poblaciones de peces cuyos territorios se encuentran dentro y fuera de las zonas económicas exclusivas e las poblaciones de peces altamente migratorios”, *Boletín del MAPA*, núm. 12, pp. 40-46.
- FAO (1994): *Examen de la situación mundial de las especies altamente migratorias y las poblaciones transzonales*. (Documento Técnico de Pesca, 337). Roma: FAO.
- FAO, FISHERIES DEPARTMENT (1993): *References Points for Fishery Management: Their Potential Application to Straddling and Highly Migratory Resources*. (FAO Fisheries Circular, 864). Rome: FAO.
- FREESTONE, D. (1991): “The Precautionary Principle in International Law and Global Climate Change”, en R. Churchill e D. Freestone [ed.], pp. 21 e 36.
- GHÉRARI, H. (1996): “L’Accord du 4 août sur les stocks chevauchants et les stocks de poissons grands migrants”, *RGDIP*, vol. 2, pp. 367-390.
- HEY, E. (1991): “The Precautionary Approach: Implications of the Revision of the Oslo and Paris Conventions”, *MP*, vol. 15, pp. 244-254.
- ICJ (1969): *Asuntos da delimitación de la plataforma continental del Mar del Norte* (RF de Alemania/Dinamarca; RF de Alemania/Países Bajos). (ICJ Reports 1969).
- JUDA, L. (1997): “The 1995 United Nations Agreement on Straddling Fish Stocks and Highly Migratory Fish Stocks: a Critique”, *ODIL*, vol. 28, pp. 147-166.

- LÓPEZ MARTÍN, A.G. (2002): *El problema de la aplicación de los tratados sucesivos concernientes a la misma materia: sus implicaciones para España*. Madrid.
- MOMTAZ, D. (1995): "L' Accord relative à la conservation et la gestion des stocks de poissons chevauchants et grands migrateurs", *AFDI*, vol. XLI, pp. 676-699.
- NACIONES UNIDAS (1993): *Documento de antecedentes (preparado por la Secretaría)*. (A/CONF.164/INF/5).
- NACIONES UNIDAS (1994): *El enfoque preventivo de la pesca en relación con las poblaciones de peces cuyos territorios se encuentran dentro y fuera de las zonas económicas exclusivas y las poblaciones de peces altamente migratorios*. (A/CONF.164/INF/8).
- NACIONES UNIDAS (2006a): *Elementos para evaluar la idoneidad y eficacia del Acuerdo*. (A/CONF.210/2006/5).
- NACIONES UNIDAS (2006b): *Informe presentado de conformidad con lo dispuesto en el párrafo 17 de la Resolución 59/25 de la Asamblea General para apoyar a la Conferencia de Revisión a ejercer el mandato que le fue conferido en virtud del párrafo 2 del artículo 36 del Acuerdo de las Naciones Unidas sobre las poblaciones de peces*. (A/CONF.210/2006/1).
- OUDE EFFERINK, A.G. (1995): "Fisheries in the Sea of Okhotsk High Seas Enclave-The Russian Federation's Attempts at Coastal Control", *IJMCL*, vol. 10.
- PALMER, G. (1992): "New Ways to Make International Environmental", *AJIL*, vol. 86, pp. 259-283.
- REMIRO BROTONS, A.; RIQUELME CORTADO, R.M.; ORIHUELA CALATAYUD, E.; DÍEZ HOCHLEITNER, J.; PÉREZ-PRAT DURBÁN, L. (1997): *Derecho internacional*. Madrid: MacGraw-Hill.
- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, L.I. (2000): "Jurisdiccions rampantes y libertad de pesca en alta mar", en: *Liber Amicorum in Memoriam of Judge José M^a Ruda*, pp. 139-155. Kluwer International Law.
- TIDM (1999): Orde de 27 de agosto de 1999 no caso *Southern Bluefin Tuna* (Australia e Nova Zelanda c. Xapón).
- TREVES, T. (1992): "La pêche en haute mer et l'avenir da Convention des Nations Unies sur le Droit da Mer", *AFDI*, vol. XXXVIII, pp. 885-904.
- VAN DYKE, J.M. (1996): "The Straddling and Migratory Stocks Agreement and the Pacific", *IJMCL*, vol. 11, pp. 406-415.
- VIGNES, D. (1996) : "Le gommage des différences entre haute mer et zone économique exclusive opéré par l'Accord du 4 décembre 1995 sur les stocks chevauchants et les grands migrateurs", *Revue de l'INDEMER*, núm. 4.
- YTURRIAGA BARBERÁN, J.A. (1995): "Acuerdo de 1995 sobre conservación y ordenación de las poblaciones de peces transzonales y altamente migratorios", *AADI*, vol. VII, pp. 15-61.

PÁXINAS WEB

<http://www.fao.org/newsroom/es/news/2006/1000360/index.html>

<http://www.southpacificrfmo.org>

<http://www.CPANE.org/measures/docs/scheme-2005>